

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 8, 31-42

Naquel tempo, díxolles Xesús ós xudeus que creran nel:

– «Se permanecedes na miña palabra, seredes de verdade discípulos meus; e coñeceredes a verdade e a verdade faravos libres.»

Eles respondéronlle:

– «Somos semente de Abrahán e endexamais fomos escravos de ninguén; ¿como, logo, dis ti: "seredes libres"?»

Respondeulles Xesús:

– «Con toda verdade volo aseguro: quen comete o pecado é escravo. E o escravo non queda para sempre na casa; o fillo queda para sempre. Logo, se o Fillo vos libera, seredes libres de verdade. Ben sei que sodes semente de Abrahán, pero tratades de me matar, porque a miña palabra non prende en vós. Eu falo do que vin onda o Pai; e vós facedes o que oístes de voso pai.»

Eles respondéronlle:

– «O noso pai é Abrahán.»

Xesús replicoulles:

– «Se fosedes fillos de Abrahán fariades as obras de Abrahán, mais agora procurades matarme, a min, que vos dixen a verdade que oín de Deus: iso non o fixo Abrahán. Vós facedes as obras de voso pai.»

Dixéronlle:

– «Nós non nacemos da prostitución: temos un pai, Deus.»

Contestoulles Xesús:

– «Se o voso pai fose Deus, amariádesme a min porque de Deus eu saín e veño. Pois non vin por min mesmo, senón que El me enviou.»